

ANUNCIO

Constitución da Agrupación Municipal de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Sobrado.

O Pleno do Concello de Sobrado, en sesión ordinaria celebrada o día 7 de agosto de 2024, aprobou inicialmente o Regulamento da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Sobrado.

Durante o período de exposición ó público non se formularon reclamacións, elevándose a definitivo o acordo municipal adoptado, en aplicación do artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, entrando en vigor ao día seguinte á publicación da súa aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia núm. 192 do 4 de outubro de 2024, e permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Co fin de constituír a Agrupación e poñela en funcionamento ábrese o prazo inicial de 10 días dende a publicación deste anuncio no taboleiro de edictos e na web do concello, para que todos aqueles veciños/as que queiran formar parte da xunta directiva se inscriban no concello e permanecendo o prazo indefinido para os que só queiran ser voluntarios/as e participar nas actuacións propias da Agrupación.

Sobrado, 17 de outubro de 2024
O Alcalde,
Luís Lisardo Santos Ares